

O TECIDO ASOCIATIVO

1.1 Introducción

O presente documento forma parte do diagnóstico de situación levado a cabo como unha das bases de elaboración do Plano estratéxico galego da sociedade da información (PEGSI). En concreto, o seu obxectivo é plasmar aqueles aspectos máis significativos en relación co uso que a as organizacións de iniciativa social, o tecido asociativo galego, fan das TIC.

A iniciativa de levar a cabo esta análise é pioneira en España: non existen estudos en detalle sobre estas entidades, de tan amplo impacto, seica non totalmente percibido, na vida colectiva e social de cada un de nós.

A Xunta de Galiza entende que as organizacións de iniciativa social –pola súa capilaridade, pola súa actividade, pola súa capacidade de prescripción cara aos cidadáns e colectivos que integran– son un axente esencial, na súa condición de excelente canle de difusión das políticas de Sociedade da Información cara á cidadanía. Por este motivo, resulta moi interesante avaliar a súa situación actual en relación coas TIC.

Por outra banda, o feito de ser este o primeiro estudo en profundidade sobre o tema, impide levar a cabo comparanzas, temporais ou con outros territorios, que permitan situar a Galiza no seu contexto. En consecuencia, este informe establece unha "foto fixa" de situación do tecido asociativo galego, actuando como punto de partida para posteriores análises.

Finalmente, cómpre indicar que unha das características deste colectivo é a súa heteroxeneidade desde tódolos puntos de vista: ámbito de actividade, tamaño ou recursos dispoñibles. O traballo de campo realizado cinguiu a recollida de datos aos seguintes tipos de organizacións:

- > Culturais e ideolóxicas
- > Xuvenís
- > Económicas e profesionais
- > Asociacións de mulleres e feministas
- > Solidariedade, nomeadamente ONG para o desenvolvemento
- > Veciñais

Tódolos datos amosados deste informe proceden dunha única fonte: as enquisas que se levaron a cabo como parte do traballo de elaboración do PEGSI. Sobre o total de respostas recibidas, a distribución por ámbitos de actividade é a seguinte:

Solidariedade	31,2%
Culturais e ideolóxicas	24,0%
Asoc. de mulleres	15,2%
Económicas e profesionais	14,7%
Veciñais	7,7%
Xuvenís	7,2%

Táboa 1: Distribución das respostas recibidas por ámbito de actividade das asociacións.

Fonte. Enquisas do Observatorio *Galego da SI*⁽¹⁾

Os datos de detalle do proceso poden ser consultados no documento "Informe das Enquisas: Asociacións".